




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais

Cidade da Cultura de Galicia
Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
tel.: 881 99 60 77 / 78
fax: 881 99 60 80
www.agadic.gal / agadic@xunta.es
agadic@

CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE ALUMNOS DO CURSO DE POSGRADO PROPIO “CURSO DE EXPERTO UNIVERSITARIO EN XESTIÓN CULTURAL”, CÓDIGO FG5F

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O *director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)*, **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* formalizou coa **Universidade de Santiago de compostela** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende **a data de sinatura do convenio ata o 30 de setembro de 2017**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O obxecto deste convenio é regular os termos nos que se desenvolverán as prácticas do alumnado do Curso Experto Universitario de Xestión Cultural, código FG5F, edición 2016-2017 na citada entidade colaboradora, de conformidade co establecido na normativa reguladora das prácticas académicas externas da USC e no Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios (BOE do 30 de xullo de 2014).

O convenio fixa as pautas e mecanismo de colaboración entre as partes coa finalidade de establecer unha adecuada programación, desenvolvemento e verificación do correcto desenvolvemento da colaboración.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

A Agadic e a Universidade de Santiago consideran necesario un maior acercamento entre o ámbito laboral e a universidade, para facilitar a futura inserción laboral dos universitarios mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas externas, acadando ó mesmo tempo a mellor cualificación e a futura adaptación ós postos de traballo demandados polas empresas.

galicia






XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais

Cidade da Cultura de Galicia
Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
tel.: 881 99 60 77 / 78
fax: 881 99 60 80
www.agadic.gal / agadic@xunta.es
agadic@

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

(asinado dixitalmente)

galicia

